XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Rúa Madrid 2-4, 2º, Fontiñas
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 881 996 342/43 - Fax: 881 996 346
E-mail: secretaria.deporte@xunta.gal

galicia

Guía simplificada das medidas preventivas para facer fronte ao risco de contaxio pola Covid-19 de aplicación ao Deporte Galego

25-Febreiro

- DECRETO 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

- ORDE do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I. PRÁCTICA DA ACTIVIDADE FÍSICA OU DEPORTIVA NON FEDERADA.

I.1. Concellos con nivel de restrición máxima * *(ver anexo II).*

1. Como practicar actividade física ou deportiva.
   - So poderá realizarse ao aire libre ou en instalacións deportivas ao aire libre, de forma individual ou con persoas conviventes e coa utilización de máscara. Non se considera práctica individual o 1x1 entre non conviventes.
   - Se fora preciso, as persoas con discapacidade poderán realizar a práctica con guía ou cunha persoa de apoio.
   - Está permitida a actividade cinexética, así como a práctica da pesca fluvial e marítima, deportiva e recreativa, en todas as súas modalidades, sempre que se realicen con carácter individual ou con persoas conviventes.

2. Obriga do uso da máscara.

   O uso de máscara será exixible en todo momento durante a realización da práctica deportiva.

Xacobeo 2021

Rúa Madrid 2-4, 2º, Fontiñas
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 881 996 342/43 - Fax: 881 996 346
E-mail: secretaria.deporte@xunta.gal

3. Lugares para a práctica

- Permítese a práctica ao aire libre ou en instalacións deportivas ao aire libre.

- Os parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas, pistas skate ou espazos de uso público ao aire libre similares poderán estar abertos ao público.
    - Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal.
    - Deberán aplicarse as medidas de hixiene e prevención establecidas, especialmente no que se refire a proceder diariamente á limpeza e desinfección destes espazos nas áreas de contacto das zonas comúns, tales como xogos das zonas infantís, aparellos de actividade física ou outro mobiliario urbano de uso compartido.
    - Recoméndase dispor neses espazos, especialmente no que se refire a parques infantís, de dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida, debidamente autorizados e rexistrados, ou dunha solución xabonosa no caso de espazos para menores de dous anos de idade.

4. Restricións de mobilidade e de horario nocturno.
    - En todo momento deberán de respetarse ás limitacións perimetrais e de horario nocturno establecidos.

I.2. Concellos con nivel de restrición alta e nivel de restrición media* ***(ver anexo II)*****.**

1. Como practicar actividade física ou deportiva.
    - Poderá realizarse ao aire libre ou en instalacións deportivas abertas ou pechadas. A práctica desenvolverase sempre sen contacto, e de forma individual ou en grupos de ata 4 persoas, sen contar ao monitor, e en calquera caso coa utilización de máscara.

Rúa Madrid 2-4, 2º, Fontiñas
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 881 996 342/43 - Fax: 881 996 346
E-mail: secretaria.deporte@xunta.gal

- Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros durante o desenvolvemento da actividade.
- Se fora preciso, as persoas con discapacidade poderán realizar a práctica con guía ou cunha persoa de apoio.

2. Obriga do uso da máscara.

- O uso de máscara será exixible en todo momento durante a realización da práctica deportiva.

3. Lugares para a práctica.

  - Permítese a práctica ao aire libre, ou en instalacións deportivas ao aire libre ou pechadas cun límite de ocupación máxima do 30%.
  - Tamén se permite o uso deportivo das piscinas ao aire libre ou cubertas, cunha ocupación máxima do 30 %.
  - Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas durante un mínimo de 30 minutos ao inicio e ao remate de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e, obrigatoriamente, ao remate de cada clase ou actividade de grupo. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e non se poderá empregar a función de recirculación do aire interior.
  - Os vestiarios e zonas de ducha poderán usarse cunha ocupación de ata o 30 % da capacidade máxima permitida, e procederase á limpeza e desinfección despois de cada uso e ao final da xornada.

4. Restricións de mobilidade e de horario nocturno.

- En todo momento deberán de respetarse ás limitacións perimetrais e de horario nocturno establecidos.

Rúa Madrid 2-4, 2º, Fontiñas
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 881 996 342/43 - Fax: 881 996 346
E-mail: secretaria.deporte@xunta.gal

II. PRÁCTICA DO DEPORTE FEDERADO.

1. Deporte Federado de nivel nacional.

a. Protocolos aplicables.

- As competicións deportivas federadas de nivel nacional e os seus adestramentos desenvolveranse de acordo co establecido pola administración competente e de conformidade coas limitacións establecidas nos protocolos federativos correspondentes.
  - O Protocolo de referencia será o *Protocolo de actuación para la vuelta de competiciones oficiales de ámbito estatal y carácter no profesional, aprobado polo Consejo Superior de Deportes*, así como no seu caso o Protocolo reforzado que aprobe cada unha das Federacións Deportivas Españolas.
  - Modalidades deportivas que impliquen contacto:
    - Equipos/deportistas galegos:
      - Realizar test serolóxicos ou probas similares cada 14 días naturais.
    - Equipos/deportistas procedentes doutras comunidades autónomas que se despracen á Comunidade Autónoma de Galicia:
      - Realizar test serolóxicos ou probas similares en orixe polo menos entre 72 e 24 horas previas á celebración da proba/partido/competición.
      - Comunicar con idéntica antelación ás autoridades sanitarias autonómicas a relación das persoas integrantes da expedición trasladada a Galicia, segundo o formulario establecido: https://desprazamentos-deportivos.xunta.gal/portada
      - No caso de desprazarse desde zonas de alta incidencia de COVID19 deberán ter en conta o sinalado no seguinte enlace: https://www.sergas.es/Saude-publica/benvida-viaxeirxs?idioma=es

Rúa Madrid 2-4, 2º, Fontiñas
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 881 996 342/43 - Fax: 881 996 346
E-mail: secretaria.deporte@xunta.gal

b. Restricións de mobilidade e de horario nocturno.

Quedan exceptuados de tales limitacións aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificados, para adestramentos ou competicións de ámbito federado, conforme o disposto na letra n) do número 4 do apartado primeiro e na letra h) do apartado cuarto do Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, e nos artigos 5, d), h) e 6, b), k) do Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro (deportistas, delegados/as, árbitros/as, técnicos/as ou adestradores/as, outro persoal autorizado).

2. Deporte Federado de ámbito autonómico.

a. Protocolos aplicables.

A práctica da actividade deportiva federada de ámbito autonómico, adestramentos e competicións, axustarase aos correspondentes protocolos Fisicovid-Dxtgalego aprobados.

b. Restricións de mobilidade e de horario nocturno.

Quedan exceptuados de tales limitacións aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificados, para adestramentos ou competicións de ámbito federado, conforme o disposto na letra n) do número 4 do apartado primeiro e na letra h) do apartado cuarto do Decreto 31/2021, do 25 de febreiro. Considéranse adecuadamente xustificados os seguintes:

1ª) Que o desprazamento estea xustificado pola realización dun adestramento vinculado á participación nunha competición incluída no calendario oficial da correspondente federación deportiva ou pola participación nunha competición deste tipo. A estes efectos, como norma xeral, para esta excepción establécese un período previo de 4 semanas á celebración da competición. No caso de que a federación galega correspondente estime que este prazo é insuficiente para que o equipo/deportista prepare esa competición, deberá solicitar a súa autorización á Secretaría Xeral para o Deporte.

Rúa Madrid 2-4, 2º, Fontiñas
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 881 996 342/43 - Fax: 881 996 346
E-mail: secretaria.deporte@xunta.gal

2ª) Que non existan alternativas de realización do adestramento e/ou da celebración da competición nun ámbito territorial que non exixa un desprazamento afectado polas limitacións á liberdade de circulación vixentes.

3ª) Que o desprazamento se realice por algunha ou algunhas das seguintes persoas:

1) Por persoas deportistas federadas participantes en competicións oficiais cun calendario aprobado para a tempada 2020/2021.

2) No caso de acreditarse a súa necesidade, sparrings das persoas deportistas federadas de alto nivel, de alto rendemento deportivo ou incluídas en programas de tecnificación e rendemento deportivo, recoñecidas polo Consejo Superior de Deportes ou pola Secretaría Xeral para o Deporte ou órgano autonómico competente da Administración autonómica.

3) Outro persoal autorizado (delegados/as, árbitros/as, técnicos/as ou adestradores/as, etc.).

4ª) Que a persoa que se desprace porte, durante o desprazamento, un certificado, segundo o modelo adxunto do Anexo I, da correspondente federación ou club deportivo federado co seguinte contido mínimo:

1) Identificación da persoa que se despraza e da súa participación nunha competición incluída no calendario oficial da correspondente federación deportiva.

2) Lugar do adestramento xustificando a súa vinculación coa participación nunha competición incluída no calendario oficial da correspondente federación deportiva e/ou lugar da competición.

3) Data e horario de realización do adestramento e/ou da celebración da competición.

4) Xustificación da non existencia de alternativas de realización do adestramento e/ou da celebración da competición nun ámbito territorial que non exixa un desprazamento afectado polas limitacións á liberdade de circulación vixentes.

No caso de certificacións emitidas polos clubs, estes deberán comunicar á Federación respectiva un listado dos mesmos, a efectos do seguimento e verificación por parte destas.

As Federacións Deportivas Galegas remitirán semanalmente á Secretaría Xeral para o Deporte a información sobre os certificados emitidos, coa relación nominal dos deportistas e outros axentes autorizados.

Rúa Madrid 2-4, 2º, Fontiñas
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 881 996 342/43 - Fax: 881 996 346
E-mail: secretaria.deporte@xunta.gal

3.Instalacións deportivas.

- Poderán permanecer abertas as instalacións deportivas nas que se celebren adestramentos ou competicións de ámbito federado.
- Vestiarios e zonas de ducha: poderán ser usados cunha ocupación de ata o 30 % da capacidade máxima permitida, e procederase á limpeza e desinfección despois de cada uso e ao final da xornada.

4.Asistencia de público a eventos, adestramentos e competicións deportivas de ámbito Federado que se celebren en instalacións deportivas ou na vía pública.

- Concellos con nivel de restrición máxima* ***(ver anexo II)***.

  Non se permite.

- Concellos con nivel de restrición alta e nivel de restrición media* ***(ver anexo II)***.
  - 30% da capacidade permitida
  - Público sentado e garantindo a distancia de 1,5 metros nas catro direccións.
  - Máximo:
    - 250 persoas en instalacións pechadas
    - 500 persoas en instalacións ao aire libre

III. OUTROS SUPOSTOS.

Calquera outra cuestión respecto á práctica de actividade física e deporte non contemplada nesta guía, trasladaráselle á Secretaría Xeral para o Deporte a efectos do seu estudo e a súa concreta interpretación.

IV. ENTRADA EN VIGOR

As medidas previstas terán efectos desde as 00.00 horas do día 26 de febreiro de 2021.

Rúa Madrid 2-4, 2º, Fontiñas
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 881 996 342/43 - Fax: 881 996 346
E-mail: secretaria.deporte@xunta.gal

ANEXO I

MODELO DE CERTIFICADO

D./Dna. _____, na súa calidade de _____ do Club/Federación _____ con domicilio na _____, C.P. ____ de _____

C E R T I F I C A

1. Que D./Dna._____ ten licenza federativa de _____en vigor para a tempada ____/____.
2. Que para os efectos de xustificar a aplicación da excepción prevista punto primeiro, número 4, letra n), e coa limitación da liberdade de circulación das persoas en horario nocturno do punto cuarto, letra h), do Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, faise constar que D./Dna.....:
   a. Pertence á categoría de (MÁRQUESE O SUPOSTO QUE PROCEDA):

	Deportista federado participante en competición oficial con calendario de competición aprobado para a tempada 2020/2021[1].
	Técnico ou adestrador
	Sparring de deportista de alto nivel, deportista de alto rendemento deportivo, ou deportista incluído en programas de tecnificación ou de rendemento deportivo, recoñecido polo Consejo Superior de Deportes ou pola Secretaría Xeral para o Deporte, ou órgano autonómico competente
	Outro persoal autorizado (delegados, árbitros, etc.)

   b. Vai participar no adestramento/competición a celebrar:
      - Lugar de adestramento/competición: _____
      - Data e horario de realización do adestramento/competición:_____
   c. O adestramento está vinculado á competición incluída no calendario oficial da federación deportiva.
   d. O referido adestramento/competición non pode celebrarse nun ámbito territorial que non exixa un desprazamento afectado polas limitacións á liberdade de circulación vixentes polas seguintes razóns:....

E para que así conste, aos efectos oportunos expido e asino a presente certificación en _____a_____de_____2021.

_____

[1] *Só se poderá autorizar a mobilidade dos deportistas cuxa competición se celebre nun hourizonte temporal de 4 semanas, desde a data de certificación. Non obstante, de considerarse necesario e xustificarse poderá excepcionarse deste límite previa autorización da Secretaría Xeral para o Deporte.*

ANEXO II

A) Concellos con nivel de restrición máxima.

Corcubión

Curtis

Ponteceso

Moeche

Corgo (O)

Guitiriz

Gomesende

Gudiña (A)

Peroxa (A)

Toques

B) Concellos con nivel de restrición alta.

B1. Concellos con nivel de restrición alta da Área Sanitaria da Coruña-Cee:

Aranga

Arteixo

Cambre

Carballo

Carral

Coruña (A)

Culleredo

Laracha (A)

Malpica de Bergantiños

Miño

Muxía

Paderne

Sada

Vilasantar

Abegondo

Bergondo

Betanzos

Cabana de Bergantiños

Camariñas

Cee

Cerceda

Coirós

Coristanco

Dumbría
Fisterra
Irixoa
Laxe
Oleiros
Oza-Cesuras
Sobrado
Vilamaior
Vimianzo
Zas
B.2. Concellos con nivel de restrición alta da Área Sanitaria de Ferrol:
Cedeira
Ferrol
Narón
Neda
Pontes de García Rodríguez (As)
San Sadurniño
Ares
Cabanas
Capela (A)
Cariño
Cerdido
Fene
Mañón
Monfero
Mugardos
Ortigueira
Pontedeume
Somozas (As)
Valdoviño
B.3. Concellos con nivel de restrición alta da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés:
Barro
Cambados
Catoira
Cerdedo-Cotobade
Cuntis
Lama (A)

Marín

Meaño

Meis

Ponte Caldelas

Soutomaior

Vilaboa

Vilanova de Arousa.

Bueu

Caldas de Reis

Campo Lameiro

Forcarei

Grove (O)

Illa de Arousa

Moraña

Poio

Pontevedra

Portas

Ribadumia

Sanxenxo

Vilagarcía de Arousa

B.4. Concellos con nivel de restrición alta da Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, e da Área Sanitaria de Vigo:

Baralla

Guntín

Monforte de Lemos

Outeiro de Rei

Pobra de Brollón (A)

Pontenova (A)

Rábade

Sober

Bande

Beade

Celanova

Merca (A)

Mezquita (A)

Punxín

Sandiás

Taboadela
Viana do Bolo
Verea
Xunqueira de Espadanedo
Arzúa
Dodro
Frades
Ordes
Rois
Tordoia
Moaña
Oia
Redondela

C) Concellos con nivel de restrición media.

Abadín
Alfoz
Antas de Ulla
Baleira
Barreiros
Becerreá
Begonte
Bóveda
Burela
Carballedo
Castro de Rei
Castroverde
Cervantes
Cervo
Chantada
Cospeito
Folgoso do Courel
Fonsagrada (A)
Foz
Friol
Incio (O)
Láncara

Lourenzá
Lugo
Meira
Mondoñedo
Monterroso
Muras
Navia de Suarna
Negueira de Muñíz
Nogais (As)
Ourol
Palas de Rei
Pantón
Paradela
Páramo (O)
Pastoriza (A)
Pedrafita do Cebreiro
Pol
Portomarín
Quiroga
Ribadeo
Ribas de Sil
Ribeira de Piquín
Riotorto
Samos
Sarria
Saviñao (O)
Taboada
Trabada
Triacastela
Valadouro (O)
Vicedo (O)
Vilalba
Viveiro
Xermade
Xove
Allariz
Amoeiro

Arnoia
Avión
Baltar
Baños de Molgas
Barbadás
Barco de Valdeorras (O)
Bearíz
Blancos (Os)
Boborás
Bola (A)
Bolo (O)
Calvos de Randín
Carballeda de Avia
Carballeda de Valdeorras
Carballiño (O)
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Cenlle
Chandrexa de Queixa
Coles
Cortegada
Cualedro
Entrimo
Esgos
Irixo (O)
Larouco
Laza
Leiro
Lobeira
Lobios
Maceda
Manzaneda
Maside
Melón
Montederramo

Monterrei
Muíños
Nogueira de Ramuín
Oímbra
Ourense
Paderne de Allaríz
Padrenda
Parada de Sil
Pereiro de Aguiar
Petín
Piñor
Pobra de Trives (A)
Pontedeva
Porqueira
Quintela de Leirado
Rairiz de Veiga
Ramirás
Ribadavia
Riós
Rúa (A)
Rubiá
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
San Xoán de Río
Sarreaus
Teixeira (A)
Toén
Trasmiras
Veiga (A)
Verín
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevós
Vilariño de Conso

Xinzo de Limia
Xunqueira de Ambía.
Ames
Baña (A)
Boimorto
Boiro
Boqueixón
Brión
Carnota
Lousame
Mazaricos
Melide
Mesía
Muros
Negreira
Noia
Oroso
Outes
Padrón
Pino (O)
Pobra do Caramiñal (A)
Porto do Son
Rianxo
Ribeira
Santa Comba
Santiago de Compostela
Santiso
Teo
Touro
Trazo
Val do Dubra
Vedra
Agolada
Dozón
Estrada (A)
Lalín
Pontecesures

Rodeiro
Silleda
Valga
Vila de Cruces
Arbo
Baiona
Cangas
Cañiza (A)
Covelo (O)
Crecente
Fornelos de Montes
Gondomar
Guarda (A)
Mondariz
Mondaríz-Balneario
Mos
Neves (As)
Nigrán
Pazos de Borbén
Ponteareas
Porriño (O)
Rosal (O)
Salceda de Caselas
Salvaterra de Miño
Tomiño
Tui
Vigo